

Somos a memoria que temos e a responsabilidade que asumimos, sen memoria non existimos e sen responsabilidade quizais non merezamos existir.

Existen dúas superpotencias no mundo; unha é Estados Unidos; outra, es ti (Manifestación contra a guerra de Iraq en Madrid)

Gustaríame escribir un libro feliz; eu teño todos os elementos para ser un home feliz; pero sinxelamente non podo. Sen embargo, hai unha cousa que si me fai feliz, e é dicir o que penso.

Aprendín a non intentar convencer a ninguén. O traballo de convencer é unha falta de respecto, é un intento de colonización do outro.

As verdades hai que repetilas moitas veces para que non veñan, pobres delas, a caer no esquecemento.

(...) parecía que chegamos ao final do camiño e resulta que era só unha curva aberta a outra paisaxe e a novas curiosidades.

José Saramago

Nº 39 | Xuño de 2010 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

ASEMBLEA XERAL DO CGCEES, EN AVILÉS (ASTURIAS)

Os días 5 e 6 de xuño do presente ano celebrouse en Avilés, Asturias, a Asemblea Xeral do CGCEES, na que participaron tres representantes da Xunta de Goberno do Ceesg.

O venres á tarde e o sábado pola mañá, o CGCEES aproveitou para facer unha reunión de Xunta de Goberno, e o sábado á tarde e o domingo á mañá foi a asemblea, pero mentres tanto houbo tamén cuestións culturais, lúdicas e de intercambio que non podemos obviar.

O sábado celebrábanse en Avilés unas xornadas interculturais que se chamaron “Apúntante I tanto...” e aí tivemos o xantar popular intercultural, dentro da actividade CONvite, para sentir o pracer a través dos sabores e olores doutras partes do mundo. Compartimos mesa, charla e diversión probando comida de diferentes lugares.

Xa na asemblea, estivemos todos os territorios representados; incluso Cantabria, que ata o de agora non tiña nin asociación profesional, ás que se lles deu a benvinda. Os temas tratados foron desde a revisión dos orzamentos pasando polos plans de traballo, pero tamén foron determinantes certas cuestións que vos pasamos a comentar:

- Madrid pasa a formar parte do CGCEES como Colexio Profesional e procedeuse á firma nun acto público dentro da asemblea. Asturias está nos trámites para pasar a ser colexio profesional, de aí o seu interese por acollernos na súa terra e amosarnos o potencial que teñen (que así o fixeron).
- Lei Ómnibus: é un tema novidoso e preocupante en canto que pode modificar a nosa contorna profesional e colexial. De aí que desde o Ceesg queiramos informar a todas as colexiadas/os desde as vías informativas das que dispoñemos (boletín, web e charla). Así mesmo, fálase do encontro que terá lugar en Barcelona con todas as Secretarías Técnicas dos distintos colexios profesionais para abordar o asunto do portelo único e a directiva europea de servizos.
- Escolléronse certas/os profesionais de referencia na nosa profesión para nomeamentos honoríficos.
- Tamén sae aquí o tema das habilitacións, pois hai colexios que comezan ou que comezaron hai pouco.
- Contéplase a necesidade de visibilizar a nosa profesión tanto a nivel interno, dentro dos territorios, como a nivel externo, desde CGCEES e internacionalmente, polo que se decide traballar transversalmente en clave de proxección internacional. Neste punto, fálase de que se está a traballar no Estatuto Profesional Europeo da Educación Social, o que significaría un garante para a profesión e unha solvencia de cara ás relacións coas distintas administracións.
- O Título de Grao de Educación Social é outro dos temas que esperta curiosidade, pois descubrimos que non existe coherencia nin claridade algunha por parte da administración educativa. Poñen como exemplo a Francia, que levan uns 10 anos implantando o Sistema de Competencias Profesionais, e sobre o Curso Ponte falamos dos que existen actualmente en Asturias e Galicia, poñendo sobre a mesa o descontento de certas persoas que nolo fixeron chegar así. Decídese que desde Baleares, Murcia e Extremadura se levará a cabo unha coordinación coas universidades para poder acadar un Convenio co Ministerio de Educación, onde poidamos prescindir do Máster de Educación-Formación ao Profesorado (antigo Cap) e onde revisemos máis polo miúdo os contidos deste Grao e o fluxo de información entre os eidos formativo e práctico.
- E cómo están as educadoras e educadores sociais nas distintas administracións autonómicas tamén é algo moi debatido, pois tampouco aquí existe unanimidade nin igualdade territorial. En Galicia témo-lo bastante difícil, pois non acaban de percibirnos como figura profesional relevante.

De todo isto e moito máis que se tratou, concluímos que é moi necesario o intercambio de ideas e coñecementos, para poder facer da educación social unha profesión forte e coñecida, respectada e necesaria, cunha formación coherente e completa, sen ningún tipo de recortes nin prexuízos. A nivel máis funcional e organizativo, comeza a conta atrás para esta Xunta de Goberno e abrírase o proceso electoral, ao igual que no noso colexio, así que ánimo a todo o mundo a participar.

Desde o Ceesg recordamos a necesidade de indagar e defender o nicho de emprego da Educación Vial, solicitamos experiencias de Educación en Igualdade para o Galeduso monográfico, indagamos sobre cómo está o tema da Educación Social nos Centros Educativos, lembróuselles a posibilidade de participar do Foro Social 2010, e quedou aprobada a adhesión do CGCEES ao mesmo.

As compañeiras e compañeiros de Asturias amosáronnos a súa hospitalidade e cordialidade en todos e cada un dos momentos, tendo o recibimento da Alcaldesa de Avilés e os saúdos da Conselleira de Asturias en materia de Servizos Sociais. Un coro de mineiros puxo o punto e final a un fin de semana intenso e necesario para a profesión e para o colectivo colexial no seu conxunto.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Escrito ao Concello de Culleredo, en relación ás bases para o acceso á praza de Animador/a cultural publicadas no BOP de 13 de maio de 2010, indicando que o único perfil idóneo para a cobertura desta praza é a de educador/a social.
- Apoio ao manifesto pola defensa do Centro de Atención e Educación Especial Santiago Apóstolo como servizo público da Consellería de Traballo e Benestar, realizado polo Comité provincial de A Coruña.
- Achegas e propostas ao *Anteproxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia*.
- Achegas e propostas ao borrador do *Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013. Horizonte 2015*.
- Comunicado de en relación ás novas publicadas en prensa acerca do presunto maltrato a menores infrinxido por educadores/as nun centro de protección de Ourense, no que se manifesta a preocupación e denuncia do Ceesg ante calquera situación de desprotección de rapazas e rapaces acollidas/os en centros.
- Participación na Asemblea Xeral do CGCEES, que tivo lugar en Avilés (Asturias) os días 5 e 6 de xuño.
- Participación na reunión do Comité organizador do Foro 2010, que tivo lugar o día 11 de xuño en Santiago de Compostela.
- Reunión do Grupo de Estudos e Intervención Xerontolóxica do Ceesg (GEIX) o día 12 de xuño en Santiago de Compostela.
- Escrito ao Concello de Lugo en relación co programa *Previlugo*, incluído dentro da programación de animación sociocultural da que se anuncia contratación no BOP de 14 de xuño. Informamos de que as educadoras e educadores sociais teñen capacidade suficiente e formación adecuada para impartir calquera dos obradoiros que compoñen o programa, solicitando que se teña en conta en futuras contratacións.
- Participación na Asemblea da Plataforma en defensa do sistema público galego de servizos sociais que tivo lugar o día 17 de xuño en Santiago de Compostela.
- Asistencia ao debate do Parlamento de Galicia sobre a proposición non de lei presentada por Dña. Carme Adán Villamarín, en relación á incorporación de profesionais da Educación Social en centros educativos, que tivo lugar o día 17 de xuño. O resultado da votación foi de 6 votos a favor e 7 en contra.
- Asistencia á sesión formativa organizada polo CGCEES para as Secretarías Técnicas e persoal directivo de todos os colexios profesionais que o compoñen, en relación co portelo único que establece a "Lei Omnibus". Tivo lugar en Barcelona o día 18 de xuño.
- Asistencia á Asemblea Xeral da Unión Profesional de Galicia, que tivo lugar o día 18 de xuño en Santiago de Compostela. Nesta Asemblea foi aceptada a incorporación do Ceesg a esta entidade que agrupa os colexios profesionais galegos.
- Escrito dirixido á FEGAS (Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria) e á Consellería de Educación, solicitando que na formación ofertada para profesionais da rede de drogodependencias e saúde mental, teñan en conta aos Educadores/as Sociais como destinatarios.
- Solicitud a Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social (SIPS) dun informe que avale a capacidade das/os profesionais da Educación Social para elaborar informes no ámbito social e educativo.
- Reunión con Dña. Coro Piñeiro, Directora Xeral de Dependencia e Autonomía persoal, por delegación da Conselleira de Traballo e Benestar, para tratar diversos asuntos, como a validez e consideración dos informes elaborados por educadoras/es sociais, a situación da modificación da RPT da Consellería para modificar os postos de "Educador/a / Profesor especial", a situación do CAEE Santiago Apóstolo, e para entregarlle documentación referente á "Lei Omnibus". A reunión tivo lugar en Santiago de Compostela o día 23 de xuño.
- Participación na reunión do Subcomité organizador local do Foro 2010, que tivo lugar o día 24 de xuño en Santiago de Compostela.

ARTIGO DE INTERESE: O Ceesg visita as aulas de Educación Social

Cada ano, o Ceesg achégase ás aulas das universidades galegas co obxectivo de dar a coñecer a entidade, o seu cometido e as actuacións e servizos que ofrece o colexio profesional para promover o desenvolvemento da nosa profesión.

Nesta ocasión a visita á Universidade de Vigo (Campus de Ourense) foi algo innovadora, pois foi o propio alumnado o que reclamou a participación do Ceesg no marco dunha actividade que elas/es mesmas/os organizaron: a ***1 Xornada Universitaria sobre o exercicio profesional do Educador/a Social***.

Baixo este título, o alumnado da materia *Educación e Animación Sociolaboral* do terceiro curso da Diplomatura, programou, o pasado 27 de maio, un encontro no

que tiveron cabida diversas/os profesionais, que aportaron a súa experiencia para facer un percorrido por algúns dos ámbitos nos que pode traballar o/a educador/a social, incluíndo a iniciativa empresarial por conta propia. Moitas das persoas que asistiron están nun momento decisivo para o seu futuro, pois están a un paso de saír ao mercado laboral. Isto notouse nas múltiples preguntas que formularon e consellos que pediron ás e aos profesionais participantes na xornada.

Dende o Colexio queremos, non só agradecer o convite a participar, senón tamén aplaudir esta iniciativa, que esperamos poida repetirse noutras ocasións.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

RECORDA...



- A finais do mes de xullo realizarase o cobro da cota colexial do segundo semestre do ano. A documentación para solicitar e/ou xustificar unha cota bonificada debe enviarse antes do día 27 de xullo.
- No último trimestre do ano comezará a **edición dixital do Boletín do Ceesg**, que será distribuída por correo electrónico. Se queres asegurarte de se temos o teu enderezo electrónico actualizado podes chamar ao Ceesg (de 8:00 a 15:00). Se prefires seguir recibíndoo en formato papel, debes comunicárnolo.
- O próximo número da revista *Galeduso* será un monográfico sobre Igualdade. Se coñeces algunha experiencia neste eido que sexa interesante publicar, ponte en contacto co colexio.

NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. ESCOLA PARA A IGUALDADE

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela (Universidade de verán 2010) e Oficina de Igualdade do Concello de Lalín.

Lugar: Auditorio Municipal de Lalín.

Datas: do 20 ao 23 de xullo.

Contido: Trátase dun curso cunha programación ambiciosa, na que se abordarán aspectos, contidos e problemáticas de gran interese no momento actual, e no que intervirán profesionais e destacadas expertas e expertos que traballan cara a igualdade de oportunidades, cun enfoque multidisciplinar e dende diferentes ámbitos de actuación de todo o territorio nacional, Universidades, Administración, Asociacións, Fundacións, Empresas...

Información e contacto: www.lalin.org/igualdade/

ESCOLA INTERNACIONAL DE XERONTOLOXÍA

Organiza: Obra Social Caixa Galicia.

Lugar: ITE Caixa Galicia. A Coruña.

Datas: Do 5 ao 9 de xullo.

Contido: O programa componse dunha serie de cursos intensivos nos que se tratan diversos temas relacionados coa xerontoloxía e o ámbito sociosanitario, incorporando a máis innovadora experiencia nacional e internacional. O formato da Escola permite compoñer un programa personalizado e adaptado ás necesidades de cada participante.

Información e inscricións: www.eidg.org

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Arteixo (A Coruña): Oferta de emprego público. Unha praza de Coordinador/a de servizos sociais. Unha praza de Técnica/o de educación. Unha praza de Axente de emprego. Unha praza de Orientador/a Laboral. Dúas prazas de Alfabetizador/a de adultos. Unha praza de Mediador/a intercultural. Unha praza de Dinamizador/a social. BOP 07/06/10

Concello de Cotobade (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a familiar. BOP 08/06/10

Concello de Friol (Lugo): Oferta de emprego público. Unha praza de Técnica/o de emprego. Unha praza de Educador/a familiar. BOP 11/06/10

Concello de Redondela (Pontevedra): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnica/o de xuventude/ consumo/servizos. Unha praza de Educador/a social. Dúas prazas de Axentes de emprego e desenvolvemento local. BOE 14/06/10

Concello de Vilaboa (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de Animador/a sociocultural. DOG 15/06/10

Concello de Vimianzo (A Coruña): Anuncio da publicación das bases dunha praza de Técnico/a de desenvolvemento rural e unha praza de Educador/a familiar. DOG 15/06/10

Concello da Pontenova (Lugo): Oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a familiar. DOG 16/06/10

Concello de Xermade (Lugo): Oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a familiar. Unha praza de Técnica/o local de emprego. BOP 24/06/10

Concello de Guitiriz (Lugo): Oferta de emprego público. Unha praza de Técnica/o de emprego. Unha praza de Educador/a familiar. DOG 29/06/10

OUTROS

Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolución pola que se convocan os Premios Imsero «Infanta Cristina» 2010. DOG 04/06/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades de calquera titularidade, sen ánimo de lucro, con destino ao financiamento de programas de prevención e control da infección por VIH e SIDA. BOE 05/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo. DOG 07/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se regulan as bases das subvencións para a realización de accións de orientación, formación e inserción laboral dirixidas a persoas inmigrantes. DOG 07/06/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Orde pola que se establecen as bases e se convocan as subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. BOE 12/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se convocan subvencións destinadas a entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación. DOG 14/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se modifica a Orde do 18 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade. DOG 17/06/10

Ministerio de Industria, Turismo e Comercio: Resolución de pola que se efectúa a convocatoria de axudas para a promoción de centros de apoio a emprendedores. BOE 18/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se regulan e se convocan para 2010 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos. DOG 18/06/10

Ministerio de Igualdade: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións, durante o ano 2010. BOE 21/06/10

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. DOG 23/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. DOG 24/06/10

Ministerio da Presidencia: Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional. BOE 25/06/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se determinan as bases e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. DOG 25/06/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Real Decreto 831/2010, de 25 de xuño, de garantía da calidade asistencial da prestación á interrupción voluntaria do embarazo. BOE 26/06/10

Ministerio da Presidencia: Real Decreto 825/2010, de 25 de xuño, de desenvolvemento parcial da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. BOE 26/06/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 29/06/10

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se convoca o curso de formación para a habilitación como asesor ou avaliador das unidades de competencia das cualificacións profesionais Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, Transporte sanitario e Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes, no procedemento de avaliación para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, regulado polo Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo. BOE 30/06/10